

PROPOSTA DE APROBACIÓN DO ESCUDO E DA BANDEIRA

“Os símbolos das entidades locais son a primeira imaxe que un cidadán percibe delas, xa que as identifican e diferencian. A heráldica é un sistema emblemático que tivo unha presenza continuada e importante en todo o mundo occidental dende a súa aparición.

A determinación e definición dos símbolos non debe de ser algo irreflexivo e que responda a cuestións de índole arbitraria ou caprichosa, senón que debe derivar dun estudo pormenorizado e serio, destacando os feitos históricos, culturais e significativos do territorio que vai representar, permanecendo no tempo e singularizando a propia poboación que vive nel.

Os símbolos das entidades locais veñen regulados no capítulo V, artigos 258 a 262 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Por Decreto 369/1998, do 10 de decembro, régulase a composición e funcións da Comisión Heráldica, modificado polo Decreto 73/2006, do 20 de abril, co fin de adaptalo á nova estrutura e departamentos da Xunta de Galicia.

O Concello de Lugo viña utilizando como Escudo o aprobado polo Ministerio da Gobernación en 1957 (Rexistro Xeral 2730, do 18 de novembro) por unha solicitude do Concello de Lugo do ano 1954, pois querían facer medalla de honores e carecían de forma. Iso levou a adoptalo de seguido como escudo e a colocalo na bandeira.

Por todo o exposto, en marzo deste ano, encargóuselle o traballo de facer o estudo e proposta da Bandeira e Escudo de Lugo ó especialista en heráldica e verxiloxía don Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas.”

O Pleno do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 30 de xuño de 2008, aprobou inicialmente a modificación do escudo e da bandeira municipais nos termos do estudo-memoria redactado por don Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas, e aprobar o proxecto de escudo e bandeira que se xunta a aquela, e o sometemento do expediente ó **trámite de información pública e audiencia ós interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES** para a presentación de

suxestións e reclamacións, mediante anuncios para inserir no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Na súa virtude, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, queda aberto o trámite de información pública e audiencia referido, que se iniciará a partir do día seguinte hábil ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia; as suxestións e reclamacións que, de ser o caso, se formulen deberán dirixírselle ó Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Concello, e poderán presentarse nos rexistros e oficinas autorizados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O expediente atópase no Servizo de Protocolo, sito na primeira planta do edificio do Concello, praza Maior, 1.

En caso de non presentarse suxestións ou alegacións, elevarase o expediente, sen máis trámite, á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, tras o informe da Comisión de Heráldica.